

## **AVISO LEGAL**

Mediante este aviso, a Universidade de Vigo, con domicilio social no Edificio Exeria, As Lagoas, Marcosende, 36310 Vigo, CIF Q8650002B, (en diante «a universidade» ou «o titular da aplicación») informa as persoas usuarias desta aplicación (en diante, as «persoas usuarias» ou «as usuarias e usuarios» e «a aplicación», respectivamente) acerca dos termos de uso e da política de protección de datos de carácter persoal da aplicación (en diante, «os datos persoais») para que as persoas usuarias utilicen a aplicación e lle faciliten á universidade os datos persoais que se lles poidan requirir con ocasión do uso da aplicación ou dalgunha das súas funcionalidades, plenamente informadas acerca das condicións de uso, da obrigatoriedade da entrega de datos e a finalidade do seu tratamento.

### **1. ÁREAS DIFERENCIADAS DA APLICACIÓN E RESPONSABILIDADE DE CADA UNHA**

A aplicación ten dúas áreas diferenciadas con finalidades diferentes e distintas responsables:

- A área universitaria, responsabilidade da UNIVERSIDADE, constituída polo conxunto de funcionalidades a través das cales a universidade presta servizos e se comunica coas usuarias e usuarios da aplicación (en diante «a área universitaria»). Esta área está constituída pola sección de noticias, retos, calendario, as funcionalidades do menú e en xeral, todas as da aplicación salvo a sección de «vantaxes» que integra a área comercial de «vantaxes» como se describe máis adiante.

A finalidade da área universitaria da aplicación é proporcionarlles ás usuarias e usuarios a información relevante sobre a universidade (información académica, noticias, calendario actualizado etc.), así como prestarlles diversos servizos relacionados coa universidade a través das súas funcionalidades e facilitarlles así mesmo a súa interacción cos membros da comunidade universitaria (en diante «os servizos universitarios»).

- A área comercial, constituída pola pestana ou sección de «vantaxes» (en diante, esta sección denominarase, «área comercial», «área de vantaxes» ou simplemente «vantaxes»). A «área de vantaxes» é responsabilidade das seguintes entidades:
  - Banco Santander, S.A., con NIF A-39000013 e domicilio en Juan Ignacio Luca de Tena 11-13, 28027, Madrid, España (en diante, Santander ou Banco Santander).
  - Universia España Red de Universidades, S.A., sociedade con NIF A82726639 e domicilio en rúa de Juan Ignacio de Luca de Tena, 11-13 Edificio Cantabria, planta 1, 28027 Madrid, España, (en diante, «Universia»).

### **2. CONDICIÓN E TERMOS DE USO DA APLICACIÓN**

#### **2.1 SUXEIÇÃO E MODIFICACIÓN.**

Estes termos e condicións de uso regulan as regras ás que está suxeita a utilización da app universitaria (en diante, «a app»).

A descarga ou a utilización da app atribúe a condición de persoa usuaria e implica a aceptación, sen reservas, de todas as condicións incluídas neste documento e na política de privacidade. As persoas usuarias deberían ler estas condicións cada vez que utilicen a app, xa que poderían ser modificadas posteriormente.

#### **2.2 CLAVES DE ACCESO**

A fin de poder facer uso das funcionalidades ou servizos que ofrece a app, as usuarias e usuarios utilizarán as claves de acceso (usuario e contrasinal) concedidas pola universidade como elementos identificadores e habilitadores para o acceso aos distintos servizos ofrecidos nas aplicacións informáticas, a intranet ou os sitios web con acceso restrinxido da universidade.

As persoas usuarias serán as únicas responsables de manter en resguardo as claves coas que accederán á app e comprometeranse a non ceder o seu uso nin a permitir o acceso a terceiros, á vez que asumirán a responsabilidade polos danos e prexuízos que puidesen derivarse dun uso indebido das mesmas.

### 2.3 REQUISITOS DE USO

As usuarias e usuarios deberán contar cun dispositivo móbil intelixente (*smartphone*) con sistema operativo Android ou IOS, con acceso a internet seguro e confiable que permita a descarga eficiente da app. A universidade non será responsable pola seguridade dos equipos utilizados polas persoas usuarias para o acceso á aplicación, nin pola dispoñibilidade do servizo nos dispositivos nos cales se descargue a aplicación.

Correspóndelles ás persoas usuarias, en todo caso, dispor de ferramentas adecuadas para a detección e desinfección de programas maliciosos ou calquera outro elemento informático daniño. A universidade non se responsabiliza dos danos producidos aos equipos informáticos durante o uso da app. Igualmente, a universidade non será responsable dos danos producidos ás usuarias e usuarios cando os devanditos danos teñan a súa orixe en fallos ou desconexións nas redes de telecomunicacións que interrompan o servizo.

### 2.4 ACTUALIZACIÓN DA APLICACIÓN

A app poderá actualizarse tecnoloxicamente en calquera momento. Informarase das actualizacións ou das sucesivas versións para que as usuarias e usuarios teñan coñecemento e poidan realizar as operacións oportunas para que a aplicación funcione eficientemente.

### 2.5 RESPONSABILIDADE. RESTRICIÓN DE USO

As persoas usuarias obríganse a utilizar os servizos e contidos proporcionados a través da **app** conforme á lexislación vixente aplicable a cada un deles, aos principios de boa fe e aos usos xeralmente aceptados.

Queda prohibido todo uso con fins ilícitos e/ou contrarios ao contido das presentes condicións de uso, lesivos dos intereses ou dereitos de terceiras persoas, ou que de calquera forma poida danar, inutilizar, facer inaccesible ou deteriorar a **app**, os seus contidos ou os seus servizos ou destinados a impedir que as usuarias e usuarios gocen normalmente deles.

A universidade non responde de ningunha maneira das accións que puidesen realizar as persoas usuarias polo uso indebido da **app**.

Queda totalmente prohibido o rexistro na **app** en nome e por conta de calquera outra persoa sen a súa autorización.

As usuarias e usuarios terán a obrigaón de ser dilixentes e tomar as medidas de seguridade necesarias para manter en todo momento a confidencialidade do seu contrasinal á **app**. No caso de que a dita confidencialidade se vexa alterada, deberá comunicarlle á universidade calquera acceso non permitido, uso indebido, mal uso por terceiras persoas, perda, extravío ou subtracción do contrasinal.

As persoas usuarias obríganse a facer un uso adecuado da app, así como de calquera informacións, mensaxes, gráficos, debuxos, arquivos de son e/ou imaxe, fotografías, gravacións, software e, en xeral, calquera clase de material obtido, transmitido, difundido ou posto a disposición a través desta, conforme á lei, ás presentes condicións, á moral e bos costumes xeralmente aceptados e á orde pública.

As seguintes accións, con carácter enunciativo e non limitativo, quedan restrinxidas:

- i. Alterar ou modificar algunha parte da app así como os seus contidos, eludir, desactivar ou manipular de calquera outra forma (ou tratar de eludir, desactivar ou manipular) as funcións de seguridade ou outras funcións do programa e utilizar a app ou os seus contidos para un fin comercial ou publicitario.

- ii. Realizar actividades publicitarias, promocionais ou de explotación comercial a través dos sitios web, nin utilizar os contidos e en particular a información obtida a través da app para remitir publicidade, enviar mensaxes con fins de venda ou con calquera outro fin comercial, nin para recoller ou almacenar datos persoais de terceiras persoas.
- iii. Utilizar identidades falsas, suplantar a identidade doutras persoas na utilización dos sitios web ou na utilización de calquera dos servizos da app, a través da utilización no seu caso de contrasinais ou claves de acceso de terceiros ou de calquera outra forma.
- iv. Realizar calquera outro uso que altere, dane ou inutilice as redes, servidores, equipos, produtos e programas informáticos da universidade ou de terceiros.
- v. Introducir, almacenar ou difundir en ou desde a app, calquera información ou material que fose difamatorio, inxurioso, obsceno, ameazador, xenófobo, incite á violencia á discriminación por razón de relixión, crenzas, ideoloxía, raza, sexo ou que de calquera forma atente contra a moral, a orde pública, os dereitos fundamentais, as liberdades públicas, a honra, a intimidade ou a imaxe de terceiras persoas e, en xeral, a normativa vixente.
- vi. Introducir, almacenar ou difundir mediante a app calquera programa de computador, datos, virus, código, equipo de hardware ou de telecomunicacións ou calquera outro instrumento ou dispositivo electrónico ou físico que sexa susceptible de causar danos no uso da app, en calquera dos servizos, ou en calquera dos equipos, sistemas ou redes da universidade, de calquera persoa usuaria, ou en xeral de calquera terceiro. Ou que de calquera outra forma sexa capaz de causarlles calquera tipo de alteración ou impedir o seu normal funcionamento.

## **2.6 EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE**

A universidade non será responsable dos danos ou afectacións que poida sufrir a persoa usuaria durante o uso da aplicación por virus informáticos (*malware*) ou outro tipo de elementos semellantes.

A universidade non será responsable en ningún caso das alteracións no servizo que se produzan por fallos na rede de conexión de datos do operador de telecomunicacións.

## **POLÍTICA DE PRIVACIDADE**

### **1.- Entidade responsable do tratamento e da súa finalidade na área universitaria**

Infórmase as persoas usuarias de que, producida a descarga e instalación da aplicación e unha vez aceptados os termos e as condicións do presente documento, os seus datos persoais, que xa obran en poder da universidade e cuxo tratamento xa fora consentido polas usuarias e usuarios no marco da súa relación coa universidade, serán tratados por esta coa finalidade de xestionar a alta da usuaria ou usuario e a súa participación nos servizos ofrecidos pola aplicación dentro da área universitaria.

Como se indicou anteriormente, a área universitaria da aplicación está constituída polo conxunto de funcionalidades a través das cales a universidade presta servizos e se comunica coas persoas usuarias da aplicación (esta área está constituída pola sección de noticias, calendario, as funcionalidades do menú e en xeral, por todas as funcionalidades da aplicación salvo as que forman parte da «área comercial» de «vantaxes»).

A estes efectos a persoa usuario queda informada de que a Universidade de Vigo con CIF Q8650002B e domicilio a estes efectos en Edificio Exeria, As Lagoas, Marcosende, 36310 Vigo é, a efectos do establecido na normativa aplicable en materia de protección de datos, a responsable do tratamento de datos das usuarias e usuarios na área universitaria da aplicación.

### **2.- Acceso pola aplicación a recursos do teléfono móbil**

Para o correcto funcionamento de determinadas funcionalidades da app solicítanse permisos para acceder a certos recursos propios do dispositivo. A activación dos permisos levarase a cabo a través de xanelas emerxentes nas que a persoa usuaria poderá consentir o acceso aos recursos do dispositivo. A desactivación destes permisos poderase realizar a través da sección de axustes do teléfono móbil.

Estes permisos poderán variar segundo a versión da que dispoña o sistema operativo, a librería e a persoalización da app (funcionalidades activadas). Algúns dos permisos solicitados poderán ser:

- Acceso á localización ou emprazamento do dispositivo que se pedirá para mostrar e poder utilizar a funcionalidade de mapas.
- Acceso á memoria do dispositivo, para poder achegar ou subir imaxes, documentos ou ficheiros á aplicación ou utilizar outras funcionalidades que esixan importar ficheiros desde o dispositivo.
- Acceso á cámara para poder achegar ou subir vídeos ou fotos á aplicación.
- Acceso ao calendario, se se quere mostrar o calendario persoal na app e apuntar datas.

A información manexada por mor da activación de os servizos mencionados anteriormente en ningún caso almacénase ou trata por parte de Universia ou de Banco Santander.

### **3.- Dereitos das persoas usuarias**

As persoas usuarias teñen recoñecidos e poderán exercitar os dereitos que a normativa aplicable en materia de protección de datos lles recoñece mediante solicitude dirixida ao reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Edificio Ernestina Otero, As Lagoas, Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Igualmente poderán dirixir a dita solicitude directamente á persoa delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo. Toda a información está dispoñible na seguinte ligazón: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

As persoas usuarias teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos, a limitación no seu tratamento ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fins para os que foron recollidos. En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, as persoas interesadas poderán oporse ao tratamento dos seus datos. O/A responsable deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións.

Así mesmo, as usuarias e usuarios terán dereito a solicitar a portabilidade dos seus datos nos casos nos que sexa tecnicamente posible.

Trataranse os seus datos persoais mentres sexan necesarios para a finalidade para a cal se solicitaron.

As persoas titulares dos datos terán dereito a dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos con dirección na rúa de Jorge Juan 6, 28001 Madrid ou á súa sede electrónica [www.agpd.es](http://www.agpd.es), especialmente cando non visen satisfeito o exercicio dos seus dereitos por parte do/a responsable de tratamento.

### **4.- Medidas de seguridade adoptadas pola universidade**

A universidade declara que adoptou os niveis de seguridade de protección dos datos persoais legalmente requiridos e procura instalar aqueloutros medios e medidas técnicas adicionais ao seu alcance para evitar a perda, mal uso, alteración, acceso non autorizado e roubo dos datos persoais facilitados á universidade.

Con respecto ao contrasinal utilizado para a descarga da aplicación, a universidade declara que manterá a máis estrita confidencialidade con respecto a estes e tomará todas as medidas de seguridade necesarias para salvagardalos.

No entanto, a persoa usuaria debe ser consciente de que as medidas de seguridade en Internet non son inexpugnables e que poderían producirse incidentes de seguridade que a universidade tratará de resolver da mellor forma posible.

#### **5.- POLÍTICA DE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS DE SANTANDER E DE UNIVERSIA NA «ÁREA COMERCIAL»**

De conformidade co sinalado anteriormente, infórmase as usuarias e usuarios de que «área comercial» de «vantaxes» contida dentro da aplicación constitúe un servizo xestionado por Santander e Universia.

O acceso ás ofertas de Santander ou de Universia publicadas dentro de «vantaxes» esixiralles ás usuarias e usuarios que acepten a cesión dos seus datos a Santander e Universia. Pediráselles a primeira vez que accedan a unha das ofertas.

Lémbrales ás persoas usuaria a necesidade de ler a política de privacidade da área comercial para entender e poder aceptar con pleno coñecemento a cesión e o tratamento dos datos persoais que levan a utilización desta área.

## **POLÍTICA DE PRIVACIDADE DAS VANTAXES DE SANTANDER E UNIVERSIA**

### **1.- Información previa**

Recomendámoslle que lea con detemento o presente documento. Informámoslle que as vantaxes ou ofertas comerciais de Banco Santander, S.A. ou de Universia España Rede de Universidades, S.A., publicadas na sección de «vantaxes» da aplicación (en diante, esta sección denominarase, a «área comercial de vantaxes» ou a «área comercial» son alleos á universidade e son ofrecidas e responsabilidade das devanditas sociedades, cuxos datos de identificación e contacto son os seguintes:

- Universia España Rede de Universidades, S.A. (en diante, «Universia»), sociedade con NIF A82726639, domicilio na rúa Juan Ignacio de Luca de Tena, 11-13, Edificio Cantabria planta 1, 28027 Madrid, España, e con correo electrónico de contacto [appuniversitaria@universia.net](mailto:appuniversitaria@universia.net).
- Banco Santander, S.A., (en diante, Santander ou Banco Santander), con CIF A-39000013, con domicilio en Juan Ignacio Luca de Tena, 11-13, 28027 Madrid, España, e con correo electrónico de contacto [privacidad@gruposantander.es](mailto:privacidad@gruposantander.es)

Infórmase as persoas usuarias que a área comercial da aplicación ten unha **finalidade exclusivamente comercial e promocional**. O seu único propósito é que as usuarias e usuarios poidan coñecer vantaxes ou ofertas comerciais, utilizar funcionalidades, servizos e aplicacións relacionadas coas finanzas, o emprendemento, a obtención de bolsas, a mobilidade internacional, o emprego ou a formación e recibir comunicacións comerciais por vía electrónica de Santander e de Universia (é dicir, por SMS, correo electrónico e a través da propia aplicación).

O acceso pola persoa usuaria ás vantaxes de Santander e/ou Universia esixe que esta consenta a cesión dos seus datos a favor destas entidades coas finalidades detalladas na presente política de privacidade. Esta cesión a favor de ambas as entidades deberá consentirse a primeira vez que a usuaria ou usuario entre nunha oferta de Santander ou Universia.

Ao aceptaren a presente política de privacidade, as persoas usuarias prestan o seu consentimento para a cesión dos seus datos persoais por parte da universidade a Universia e a Santander e para o seu tratamento nos termos indicados no presente documento. A lexitimación para habilitar este tratamento de datos atopa a súa base xurídica no consentimento expreso da persoa usuaria. No caso de que a persoa usuaria non preste o seu consentimento inicialmente ou de telo prestalo, revógueo no futuro, non suporá a perda da súa condición de persoa usuaria da app nin este extremo afectará a súa participación no resto de servizos ofertados pola app.

### **2.- Autorización para a cesión de datos persoais a Santander e a Universia. Finalidade do tratamento dos datos.**

A persoa usuaria que acepte as presentes condicións das vantaxes de Santander ou Universia por facer clic en **CONSINTO** ao entrar nas ofertas de Santander ou de Universia, consente expresamente a cesión dos seus datos persoais por parte da universidade a Santander e Universia, para o seu tratamento coas seguintes finalidades:

- Ofrecerlles ás persoas usuarias funcionalidades e aplicacións relacionadas con produtos ou servizos propios ou de terceiros.
- Enviarlles comunicacións comerciais ás usuarias e usuarios sobre produtos ou servizos propios ou de terceiros, identificando para iso se as persoas usuarias son clientes dos seus servizos, e segmentándoas para ofrecerlles os produtos que máis se adecúen ao seu perfil; o envío das comunicacións comerciais citadas nas anteriores finalidades poderá facerse a través da propia app, do correo electrónico e de SMS.
- Facer seguimento da actividade das persoas usuarias en «vantaxes» e coa finalidade de poder enviarlles comunicacións comerciais sobre aqueles produtos ou servizos propios ou de terceiros que máis se axusten ao seu perfil.

- Comprobar se a persoa usuaria é xa usuaria ou cliente dos seus servizos (o que se fará a través do DNI) e poder realizarlle ofertas que se adecúen ao seu perfil de cliente.
- Enviarlles enquisas e/ou información sobre eventos promocionais que se adecúen ao seu perfil.
- Mostrarlles ofertas ou vantaxes comerciais propias ou de terceiros na sección de «vantaxes».
- Elaborar perfís coa finalidade de poder ofrecerlles ás persoas usuarias as ofertas e servizos que mellor se adecúen a elas.

No caso de que a persoa usuaria consentise, os seus datos persoais en poder da universidade na súa condición de responsable e que a universidade lles cederá a Santander e a Universia son, segundo o tipo de persoa usuaria da aplicación, os seguintes:

	Universidade á que pertence	Nome	Apelidos	Carreira	Materias	*Nº teléfono móbil	Dirección correo-e	Rol de usuario (alumno, profesor, PAS e Persoal Investigador)	DNI
Alumno/a	*X	*X	*X	*X	*X	*X	*X	*X	*X
Profesor/a	*X	*X	*X	*X	*X	*X	*X	*X	*X
Persoal administrativo e persoal investigador	*X	*X	*X			*X	*X	*X	*X

As comunicacións comerciais que enviarán Universia e Santander de conformidade co aquí exposto versarán sobre os produtos e servizos propios de cada un deles e tamén respecto de produtos e servizos de terceiros (empresas do grupo, participadas ou colaboradores) dos sectores de seguros, banca, servizos financeiros, gran consumo, formación, educación e cultura, saídas profesionais, investigación, fogar, saúde e beleza, hotel e viaxes, informática, telecomunicacións e tecnoloxía, automoción, servizos de asesoramento, inmobiliario e construción, lecer e tempo libre, venda de entradas para eventos ou similares, seguridade, téxtil e moda, restauración, alimentación-pesca e gandería, televisión, radio, portais e comparadores de internet, agroalimentario, deporte, enerxético, reparación e mantemento, transporte, loxística, administración, asesoría e consultoría, maquinaria e material de oficina, comercio, industria, sanitaria e servizos sociais.

Os devanditos terceiros en ningún caso accederán aos datos de carácter persoal das persoas usuarias.

O consentimento para a cesión de datos detallada neste apartado deberá ser referendado pola persoa usuaria a primeira vez que acceda ao contido das ofertas de Banco Santander ou Universia da sección de «vantaxes» mediante a aceptación expresa da presente política de privacidade.

Unha vez manifestado o consentimento, a universidade procederá a comunicarlles os datos persoais obxecto da cesión a Santander e a persoa usuario poderá utilizar calquera das seccións da «área comercial».

#### **4.- Cesión de datos a terceiros no caso de participación en «vantaxes».**

Os datos da persoa usuaria poderán ser cedidos ás terceiras entidades que ofrezan vantaxes a través da sección de «vantaxes». Esta cesión farase sempre previa información e consentimento da persoa usuaria, a través das bases ou condicións legais que terá que aceptar para poder participar nestas vantaxes, onde se detallarán os termos e condicións desta comunicación de datos.

## 5.- Revogación e dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias poderán revogar en calquera momento o consentimento prestado para o uso dos seus datos de carácter persoal con fins comerciais a través dalgunha das seguintes vías: (\*i) revogando o seu consentimento para a cesión dos seus datos a favor de **Santander** e **Universia** a través da funcionalidade de revogación deste consentimento incluído na propia aplicación ou (ii) a través do procedemento indicado nas propias comunicacións comerciais para deixar de recibir información comercial (a solicitude de deixar de recibir comunicacións comercial equivalerá á solicitude de revogación deste consentimento).

As usuarias e usuarios poderán exercer fronte a **Santander** e/ou **Universia** os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, portabilidade e a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, mediante o envío dun correo electrónico a [privacidad@gruposantander.es](mailto:privacidad@gruposantander.es) no caso de Santander ou a [appuniversitaria@universia.net](mailto:appuniversitaria@universia.net) no caso de Universia ou por correo postal dirixíndose a calquera das sociedades no enderezo rúa de Juan Ignacio Luca de Tena, 11-13, 28027 Madrid.

A información detallada sobre a protección de datos de Santander para as persoas usuarias clientes pódese consultar no aviso legal da páxina web de Santander : [www.bancosantander.es](http://www.bancosantander.es) e para potenciais en [https://microsite.bancosantander.es/files/aviso\\_legal/informacion\\_ddc\\_pot.pdf](https://microsite.bancosantander.es/files/aviso_legal/informacion_ddc_pot.pdf)

A información detallada sobre protección de datos de Universia pódese consultar en [https://usuarios.universia.net/preparaPoliticaPrivacidad\\_portal.action?request\\_locale=es\\_ES](https://usuarios.universia.net/preparaPoliticaPrivacidad_portal.action?request_locale=es_ES).

## 6.- Criterios de conservación

Trataremos os seus datos persoais mentres sexan necesarios para a finalidade para a cal foron solicitados. A persoa usuaria poderá:

1. Manter o consentimento para desenvolver accións comerciais: trataremos os seus datos para as accións comerciais que consentise. Consideraremos que elixiu esta opción se non revoga o consentimento expresamente.
2. Revogar o consentimento para desenvolver accións comerciais: cancelaremos os seus datos mediante o seu bloqueo.

Con este bloqueo, o banco e Universia non terán acceso aos seus datos e só trataranos para a súa posta a disposición ás Administracións Públicas competentes, xuíces e tribunais ou ao Ministerio Fiscal, para a atención das posibles responsabilidades relacionadas co tratamento dos datos, en particular para o exercicio e a defensa de reclamacións ante a Axencia Española de Protección de Datos. Conservaremos os seus datos bloqueados durante os prazos previstos nas disposicións aplicables ou, no seu caso, nas relacións contractuais mantidas co banco e Universia e procederemos á supresión física dos seus datos unha vez transcorridos os devanditos prazos.

## 7.- Reclamacións

As persoas titulares dos datos teñen dereito a dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos con dirección na rúa Jorge Juan 6, 28001 Madrid ou na súa sede electrónica [www.aepd.es](http://www.aepd.es), especialmente cando non visen satisfeito o exercicio dos seus dereitos por parte do responsable do tratamento.